

**Extracto do acordo de Xunta de Goberno Local do 23 de setembro de 2019 pola que se convocan axudas a estudantes para o curso 2019-2020 do concello de Mazaricos.**

De conformidade co previsto nos artigos 17.3. b e 20.8.a de a Lei 38/2013, do 17 de novembro, Xeneral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>):

**Primeiro. Beneficiarios.** Estudantes empadroados no Concello de Mazaricos durante a totalidade do curso lectivo.

No caso de axudas para compra de libros e material didáctico complementario, que o alumno curse estudos de educación infantil en centros sitos no concello de Mazaricos.

No caso de axudas para desprazamentos, que o estudante curse estudos de bacharelato ou formación profesional( FP Básica ou grao medio), para os que fose necesario desprazarse fóra do termo municipal durante a totalidade do curso lectivo.

**Segundo. Obxecto.**

- a) Compra de libros e material didáctico complementario para alumnos/ as de educación infantil.
- b) Desplazamento aos/ as alumnos/ as que cursen estudos de bacharelato e formación profesional(FP Básica ou grao medio), fóra do termo municipal do concello de Mazaricos.

**Terceiro. Bases reguladoras.**

As bases reguladoras están publicadas no Boletín oficial da provincia da Coruña de data 27/09/2018

**Cuarto. Contía.**

O importe total destinado por esta convocatoria é de 2.100€ para libros e material didáctico e de 10.000,00 € para transporte. O importe individual máximo será de 100 euros no caso de axuda para compra de libros e material didáctico, e de 275 euros no caso de axuda para desprazamentos.

No caso de que a suma de tódolos importes supere o crédito reservado para tal fin, se efecturá un prorrateo entre todas as solicitudes.

**Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo para presentar as solicitudes será de 15 días naturais a contar dende a publicación da convocatoria no BOP. En caso de terminar en día inhábil, entenderase estendido ata o inmediato hábil seguinte.